

CONSELLO DE GOBERNO

Reunión do 13 de decembro de 2006

Resumo da reunión elaborada pola Secretaría Xeral

NOTA: recóllense con iniciais os nomes propios que non forman parte dos acordos ou informes agás os daqueles membros do consello que solicitaron expresamente que aparecera o seu nome completo

As dez horas e vinte minutos do 13 de decembro de 2006, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Reitor Magnífico, reúnense no salón Reitoral do Colexio de san Xerome (Santiago de Compostela) os membros de Consello de Goberno da universidade que se indican a continuación, para tratar os asuntos da orde do día enviada a todos eles coa convocatoria da reunión.

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da última sesión.
2. Informe do Sr. reitor.
3. Informe dos vicerreitores, do xerente e da secretaria xeral.
4. Proposta de concesión de retribucións adicionais por complementos autonómicos establecidas polo Decreto 55/2004.
5. Cambios Áreas de Coñecemento.
6. Designación novos membros da Comisión de Revisión.
7. Redacción da docencia por cargo académico.
8. Recoñecemento de créditos de libre elección na titulación propia de graduado superior en ciencias criminolóxicas e da seguridade pública.
9. Criterios Plan Plurianual de Obras RAM.
10. Ratificación Normativa de Colación de Grao de Licenciado en Veterinaria.
11. Modificacións programas oficiais de posgrao.
12. Convenios.
13. Asuntos económicos. Doazóns.
14. Asuntos de trámite.
15. Rogos e preguntas.

Unha vez comprobado o quorum , o reitor abre a sesión, e comenta que se a reunión non tivera rematado antes, suspenderase á 13.30 horas para facilitar aos membros do Consello de Goberno a asistencia ao acto de toma de posesión da decana de Psicoloxía.

O Sr. reitor aproveita a ocasión para darlle a benvinda ós novos representantes dos distintos sectores no Claustro Universitario.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN

Sométese a aprobación a acta da reunión do 10 de novembro de 2006, enviada coa convocatoria. A este acta hai que engadir en anexo o escrito de dona A. E. referente o convenio sobre a Salmonella.

A secretaria dá conta da alegación presentada por dona A. E. a acta da reunión anterior. Despois de clarificar algúns aspectos do que é pertinente modificar na acta, aprobouse por asentimento a acta da reunión do 13 de decembro de 2006, logo de corrixir no texto enviado coa convocatoria uns erros advertidos, e de corrixir rogos e preguntas atendendo á segunda parte da alegación presentada por dona A. E.

2. INFORME DO SR. REITOR

O Sr. reitor dá conta da reunión do Consello Social do 14 de Novembro de 2006 onde se aprobaron as propostas de programas oficiais de posgrao para impartir no curso 2007-2008.

O Sr. reitor dá conta do nomeamento de dona Isabel García del Río como membro deste Consello de Goberno dentro do grupo de quince membros designados polo reitor (art. 80 dos Estatutos da Universidade).

Por último, informa da constitución da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento baixo a presidencia do Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño. O Sr. reitor explica que a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento é unha iniciativa que persegue actuar como plataforma de cooperación para o impulso de estratexias que poñan en valor o potencial do capital intelectual, tecnolóxico e empresarial existente en Galicia.

Por último, dá conta de que a fundación a preside D. Emilio Pérez Touriño, sendo nomeado o reitor como vicepresidente segundo.

3. INFORME DOS VICERREITORES E VICERREITORAS E DA SECRETARIA XERAL.

Informe da Vicerreitoría de Infraestruturas

O vicerreitor de infraestruturas informa sobre os problemas que xeran as festas convocadas polo alumnado en distintas zonas dos campus, e formula a necesidade de regular as autorizacións diferenciando a ser posible o tipo de actividades que solicitan autorización para o uso dos espazos exteriores.

A continuación dá conta dos cortes de subministro eléctrico no Campus Sur dado que a mediados de outubro e mediados de novembro producíronse varios cortes de subministro eléctrico no campus sur. O vicerreitor informa da causa dos mesmos indicando que son debidos a que os relés de protección existentes na conexión entre a liña propia da USC e a da empresa subministradora cortan o suministro cando se producen picos de tensión na liña externa; neses días producíronse varios picos debidos ao parecer a manobras realizadas pola empresa subministradora. O problema é inevitable, engade, porque o corte do subministro é unha medida de protección necesaria; a solución é difícil e podería consistir en modificar a liña propia para que as facultades funcionen autonomamente en caso de corte no subministro, neste caso o investimento sería moi importante e habería que garantir a efectividade da solución. Finaliza indicando que temos realizado xestións diante da empresa subministradora para ver que solución pode haber a esta situación.

Informe da Vicerreitoría de Cultura

O vicerreitor de Cultura dá conta das actuacións na piscina universitaria para a adecuación ás normativas europeas e aproveitar para a suba do vaso que quedará cunha profundidade de 1,20-1,60 m. A parte dunha maior seguranza, esta medida posibilita un maior aforro enerxético, en produtos, e aforro de auga. Por outra banda fai a instalación máis adecuada para outro tipo de actividades.

O vicerreitor informa da Festa do Deporte e da Cultura en Ciencias Políticas e Sociais que contou coa presenza do Director Xeral de universidades así como de outras actividades culturais organizadas nestes días.

Informe da Xerencia

O Sr. Xerente dá conta da carta remitida os decanos/as, directores/as na que lles recorda que o persoal de limpeza depende única e exclusivamente da empresa adxudicataria dos correspondentes concursos e que teñen o seu propio convenio do cal depende e polo tanto este persoal non ten ningunha dependencia deles.

Informe da Secretaría Xeral

A Secretaría Xeral dá conta dos seguintes nomeamentos e ceses:

- Foi nomeado director do departamento de Electrónica e Computación o Prof. Dr. D. Javier Díaz Bruguera en substitución do Prof. Dr. D. Diego Cabello Ferrer.
- Foi nomeado director do departamento de Xenética o Prof. Dr. D. Gonzalo Álvarez Jurado, que renova o seu mandato.
- Foi nomeado director do departamento de Química Orgánica o Prof. Dr. D. Carlos Saa Rodríguez, en substitución da Prof. Dra. dona María Dolores Pérez Meirás.
- Foi nomeada directora do departamento de Métodos e Técnicas de Investigación en Ciencias do Comportamento en Educación a Prof. Dra. dona Ana María Porto Castro, en substitución do Prof. Dr. D. Xosé Rubal Rodríguez.
- Con motivo do seu cese como directora do departamento de Química Orgánica, a Prof. Dra. dona María Dolores Pérez Meirás, deixou de ser membro deste Consello de Goberno en representación dos directores de departamento.

O Sr. reitor intervén para indicar que quere que conste en acta os parabéns os nomeados e o agradecemento as persoas que cesan nos seus cargos, en particular a Dra. Pérez Meirás.

O Sr. reitor expresa o fondo pesar polo falecemento de D. Juan José Carreras Ares, Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Zaragoza e que foi catedrático en Santiago onde deixou unha grande impronta na Facultade de Historia e en toda a comunidade universitaria.

Informe da Vicerreitoría Adxunta de Infraestruturas e Servizos do Campus de Lugo

A Vicerreitora Adxunta de Infraestruturas e Servizos do Campus de Lugo pide a palabra para informar dun recente avance na 2ª fase de construción da Vicerreitoría do Campus de Lugo.

No seu día a USC mercou unha casa e un galpón na Praza de Pío XII, para albergar a sede da Vicerreitoría de Coordinación do Campus. A casa, coñecida como "Casa de Montenegro" foi rehabilitada, restaurados os frescos que albergaba e leva catro anos e medio funcionando como sede da Vicerreitoría.

Na ubicación do galpón a USC tiña a intención de construír un Auditorio e unha Sala de Exposicións. Derrubado o galpón atopáronse restos romanos de interese, entre eles unha vila expropiada para a construción da muralla, un templo dedicado ó deus Mitra e o trazado orixinal da rampa de acceso ó adarve pola porta de Santiago.

Como consecuencia deste achádego, asinou un convenio co Concello de Lugo e a Consellería de Cultura. Neste momento tense licitado, por parte da Consellería de Cultura, a obra de recuperación da Rúa do Falcón e a preparación do solar para protexer os restos. Nunha segunda fase a USC deberá construír as súas edificacións (auditorio e sala de exposicións) para, finalmente, a Consellería de Cultura proceder á musealización dos restos para a súa exposición pública.

4. PROPOSTA DE CONCESIÓN DE RETRIBUCIÓN ADICIONAIS POR COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS ESTABLECIDAS POLO DECRETO 55/2004.

A vicerreitora de Profesorado e Organización Académica dá conta da proposta de concesión de retribucións adicionais por complementos autonómicos establecidas polo Decreto 55/2004, en concreto complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, convocadas por Resolución do 26 de outubro de 2006 (DOG do 3 de novembro 2006), segundo a Resolución de 11 de decembro de 2006, adoptada polo Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. A relación de profesores respecto dos que se propón a concesión foi enviada pola ACSUG e está a disposición dos membros do Consello de Goberno.

O Sr. reitor intervén para indicar que por un erro estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno a lista con nomes e puntuacións dos profesores avaliados pola ACSUG. Considera que esta información é sensible e deberíamos terlle dado outro tratamento.

Iniciase unha discusión, na que interveñen D. J. G., D. Juan José Casares Long, D. X. G. M., o reitor, a vicerreitora de Calidade, sobre o procedente ou non da documentación remitida neste punto onde, por un lado, está a necesidade de dispor de documentación sobre os puntos nos

que os membros do Consello de Goberno teñen que tomar decisións, e por outro, o carácter - persoal para uns, profesional para outros- dos datos que se poñen a dispor do Consello de Goberno.

O Sr. reitor intervén para pedir ós membros do Consello de Goberno que actúen con responsabilidade á hora de non difundir a documentación sensible.

D. Juan José Casares Long argumenta que como representante dun colectivo ten a obriga de informar os representados.

O Sr. reitor intervén para indicar que este non é un documento a discutir. O absurdo é que a universidade ten que dar o visto bo do resultado dun proceso de avaliación no que non intervén.

Don X.G.M. intervén para facer algunhas críticas ó propio proceso de avaliación, por non terse informado dos criterios que se ían utilizar entre outras deficiencias, e suxire que a propia ACSUG debería someterse a un proceso de avaliación.

O vicerreitor de Economía sinala a urxencia de tomar unha decisión xa que afecta os orzamentos da Xunta de Galicia.

D. E. C. considera que se deben de corrixir anomalías e é a ocasión de facer chegar unha resolución para que se corrixan as mesmas.

Sométese a votación proponden ao Consello Social a concesión das retribucións adicionais por complemento de excelencia curricular docente e investigadora, establecidas polo Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a mérito individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, aos profesores que obtiveron a estes efectos a valoración positiva da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro de 2006), nos termos establecidos no Anexo I da Resolución da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, do 11 de decembro de 2006.

Votos a favor: 22

En contra: 3

Abstencións: 6

O profesor Casares, dona A. E. e D. J. G. piden que conste en acta o seu voto negativo.

5. CAMBIOS ÁREAS DE COÑECEMENTO

A vicerreitora de Profesorado e Organización Académica dá conta dos cambios de área segundo a documentación que está a disposición dos membros do consello. As solicitudes foron estudadas pola COAP quen informou favorablemente.

Sométese a aprobación a seguinte proposta:

- Cambio de área de coñecemento, e a correspondente modificación da denominación da praza C01277, da prof. Dra. dona Eva Cernadas García desde a área de Linguaxes e

Sistemas Informáticos á área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, adscrita ao mesmo departamento.

- O cambio de área de coñecemento, e a correspondente modificación da denominación da praza C01398, da prof. Dra. dona Monserrat Boo Cepeda desde a área de Electrónica á área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores, adscrita ao mesmo departamento.

Apróbase por asentimento.

6. DESIGNACIÓN NOVOS MEMBROS DA COMISIÓN DE REVISIÓN.

Informa a vicerreitora de Profesorado e Organización Académica da proposta de nomear ao Prof. Dr. D. Agustín Montes Martínez (Área de Ciencias da Saúde) e o Prof. Dr. D. Xusto Beramendi González (Área de Humanidades) como membros da Comisión de Revisión, en substitución do Prof. Dr. D. Francisco Barreiro Morandeira (Área de Ciencias da Saúde) e a Prof. Dra. dona M^a del Dulce Nombre Estefanía Álvarez (Área de Humanidades).

Intervén o profesor Casares para interesarse polo procedemento de designación.

O Sr. reitor explica que non existe un procedemento preciso para unha renovación parcial, e que a vicerreitora, como presidenta da comisión de renovación, e quen de facer a proposta e sometela o Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

7. REDUCCIÓN DA DOCENCIA POR CARGO ACADÉMICO.

O Sr. reitor intervén para indicar que non é cargo académico en senso estrito e pide desculpas pola imprecisión.

Informa a vicerreitora de Profesorado e Organización Académica da seguinte proposta de redución da docencia:

Que os coordinadores/as dos POP, previa solicitude do interesado/a, poderán disfrutar dunha redución de docencia de ata 90 horas, dende a aprobación pola Consellería ata, como máximo, rematar o 2º ano da súa implantación. A decisión será adoptada pola COAP tendo en conta as características e o número de créditos dos que conste o POP.

Intervén o reitor para dar conta do extraordinario traballo dos coordinadores dos POP, e que neste momento atendemos esta demanda a sabendas de que temos que pensar moi polo miúdo outros recoñecementos.

Sometida a proposta a aprobación apróbase por asentimento.

8. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN NA TITULACIÓN PROPIA DE GRADUADO SUPERIOR EN CIENCIAS CRIMINOLÓXICAS E DA SEGURIDADE PÚBLICA.

Informa a secretaria xeral da solicitude de recoñecemento de créditos de libre elección na titulación propia de graduado superior en ciencias criminolóxicas e da seguridade pública. O plan de estudos da titulación propia de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Saúde Pública, acordo do Consello de Goberno de 20 de xuño de 2005, establece que o alumno deberá superar 17 créditos de libre configuración para obter o título. O convenio asinado co Centro de Estudos Xurídicas e Seguridade Pública de Galicia de 10 de xuño de 2005 inclúe a posibilidade de desenvolver, baixo a supervisión do Instituto de Criminoloxía, actividades recoñecibles como créditos de libre elección nos expedientes dos alumnos da titulación de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública. Conforme o disposto no acordo de implantación dos estudos de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Saúde Pública, é aplicable a normativa xeral da Universidade de Santiago de Compostela en materia de xestión académica en todo o que non regule a súa normativa específica. Aínda así sendo unha titulación propia, considérase oportuno regular de forma específica os estudos e actividades recoñecibles para esta titulación.

Sométese a aprobación a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Serán recoñecibles como créditos de libre configuración nos expedientes dos alumnos cá titulación de Graduado Superior en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública as actividades que organice o Instituto de Criminoloxía con tal fin segundo o procedemento xeral recollido na Resolución Reitoral de 24 de xuño de 2005, así como as que estableza a Universidade para todos os seus alumnos.

SEGUNDO.- Serán imputables como créditos de libre configuración na Titulación de Graduado Superior en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública as materias dos estudos conducentes a títulos oficiais ademais das materias pertencentes a estudos de mestre, graduado social e axudantes técnicos sanitarios integrados posteriormente a universidade, que contén có informe favorable do Instituto de Criminoloxía

Sometida a proposta a aprobación acordouse por asentimento.

9. CRITERIOS PLAN PLURIANUAL DE OBRAS RAM.

Informa o vicerreitor de Infraestruturas segundo a documentación a disposición dos membros do Consello de Goberno dando conta do procedemento e os criterios de execución de obras RAM.

O Sr. reitor dálle a palabra a dona I. G. R. quen suxire un cambio de redacción no anexo:

No punto 2 onde di "Obras de eliminación de riscos detectados nos estudos de avaliación e de seguridade" debería poñer "Obras para eliminación de riscos detectados nas evacuacións de riscos e plan de autoprotección".

No punto 3 no apartado 3.2.1. solicita que se teña en conta os riscos que son incumprimentos da normativa.

Intervén o profesor D.Juan José Casares Long para agradecer o traballo de definición de criterios exposto polo vicerreitor de Infraestruturas.

Sometida a proposta a aprobación coas modificacións sinaladas e as suxestións de mellora na redacción, apróbase por asentimento. Dita información foi remitida aos centros pola vicerreitoría de Infraestruturas.

10. RATIFICACIÓN NORMATIVA DE COLACIÓN DE GRAO DE LICENCIADO EN VETERINARIA

A secretaria xeral informa da proposta para a aprobación polo Consello de Goberno da Normativa para a Colación do Grao de Licenciado en Veterinaria (aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Facultade do 6 de xuño de 2006) que conta co visto bo da asesoría xurídica e está dispoñible a os membros do consello.

Intervén o D. J.C.M. para indicar que detectou erros tipográficos e fai algunhas suxestións:

No punto 1.1. debería dicir licenciado en Veterinaria e non Licenciado na Facultade de Veterinaria.

No parágrafo onde di comisión permanente debería dicir Xunta de Facultade.

Intervén a Decana para indicar que isto se discutiu en Xunta de Facultade e polo tanto deberíamos respectar o texto tal como se aprobou.

Sometida a proposta a aprobación do Consello de Goberno e aceptando as modificacións que melloran a redacción apróbase por asentimento.

11. MODIFICACIÓNS PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO.

O vicerreitor de Oferta Académica e Espazo Europeo de Educación Superior informa da retirada da proposta de modificación no Máster en Servizos Culturais dentro do POP Servizos Culturais.

A continuación o vicerreitor informa de que a Comisión de Estudos de Posgrao, na súa sesión de 30/10/2006, informou positivamente e acordou someter ao Consello de Goberno, a aprobación das modificacións nos Programas Oficiais de Posgrao implantados no curso 2006-2007 que se indican:

- No Máster de Enxeñaría Ambiental, dentro do POP Enxeñaría Química e Ambiental: inclusión da materia optativa "Análise Financeira da Xestión Ambiental na Empresa" de 3,5 créditos ECTS.

Sometida a proposta a aprobación, apróbase por asentimento.

O profesor Casares solicita os datos de matrícula dos POP.

12. CONVENIOS.

Informa o vicerreitor de Relacións Institucionais sobre os convenios dos que se solicita a aprobación ou ratificación. O texto dos convenios foi posto a disposición dos membros do Consello de Goberno a través da web da USC.

O vicerreitor de Oferta Académica e Espazo Europeo de Educación Superior retira para a súa aprobación o convenio M624 Convenio Específico de Colaboración entre La Fundación Carolina e a Universidade de Santiago de Compostela para a concesión de tres bolsas para o "Máster en Gestión de la Cooperación Internacional e das ONG's".

O profesor Casares mostra a súa sorpresa xa que algúns convenios veñen firmados e outros non.

O Sr. reitor informa dalgúns aspectos da firma de convenios e indica que algúns se firman por escrito de urxencia.

O profesor Casares insiste nalgúns convenios que veñen sen as firmas adecuadas e non traen razón de urxencia.

O profesor Casares indica que non atopou os gastos.

O vicerreitor de relacións institucionais explica que iso vai indicado nas fichas.

O profesor Casares indica que tivo dificultade para abrilas.

D. J. G.V. pregunta se é normal que un convenio de investigación o responsable non sexa da Universidade. Pregúntao, pero non espera que se lle responda neste momento.

Sometida a proposta a aprobación, acordouse por asentimento aprobar ou ratificar os seguintes convenios presentados segundo os textos anexos:

LISTADO DE CONVENIOS QUE SE PRESENTAN PARA A SÚA APORBACIÓN POLO CONSELLO DE GOBERNO DE 13 DE DECEMBRO DE 2006.

a) [Convenios presentados pola Vicerreitoría de Relacións Institucionais.](#)

1. Convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización de convocatorias de bolsas complementarias para a realización de prácticas en empresas europeas (Programa Leonardo-Europracticum ou similares).

2. Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a USC para a cooperación en materia de adaptación ó Espazo Europeo de Ensino Superior.

3. Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Escola de Práctica Xurídica, pertencente á USC e os Ilustres Colexios de Avogados e Procuradores de Santiago de Compostela, para o funcionamento da Escola.

4. Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia e a USC para a realización dun programa de actividades para a promoción das relacións de cooperación entre Galicia e Iberoamérica.

5. Acordo Marco coa Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, a USC, Lugo Cultural e a Fundación Residencia de Estudiantes, para a celebración do centenario de Jesús Bal y Gay.

6. Convenio Marco de cooperación ente a Asociación Pro-Ensino Superior de Novo Hamburgo (ASPEUR-Brasil), mantedora do Centro Universitario FEEVALE, e a USC, para intercambio de estudantes, persoal docente e investigador.

7. Protocolo Marco de colaboración entre a USC e a Fundación Compostela Deporte, para a realización de actuacións tendentes a facilitar a práctica do deporte e accións complementarias ás mesmas.

8. Convenio de colaboración entre a USC e a Fundación Pro-patrimonio Rois para o asesoramento en materia de patrimonio cultural á Fundación e a colaboración para a realización

de prácticas de estudantes de posgrao e máster de Historia da Arte e Patrimonio Cultural na Fundación.

9. Convenio de colaboración entre a USC e o Agrocampus Rennes (Institución de Ensino Superior de Investigación Agronómica e Agroalimentaria de Rennes) para a implantación do programa oficial de posgrao interuniversitario no que se inclúe o título de Máster en Ciencia e Tecnoloxía de Industrias Lácteas.

10. Convenio de colaboración entre as tres universidades galegas para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral.

11. Convenio de colaboración entre as tres universidades galegas para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en Estadística e Investigación Operativa.

12. Convenio de colaboración entre as tres universidades galegas para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario no que se inclúe o título de Máster en Fotónica e Tecnoloxía do Láser.

13. Convenio de colaboración entre as Universidades de Santiago e Vigo para a incorporación desta última ó programa oficial de posgrao de Ciencia e Tecnoloxía Química da USC.

Convenios para Prácticas de Estudiantes:

14. Convenio de colaboración entre a **Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia** e a USC para a realización dos prácticum dos alumnos de Psicopedagogía, Educación Social, Pedagogía, Psicoloxía e Traballo Social, en vivendas tuteladas de menores incluídas no programa Mentor.

15. Convenio de colaboración entre a **Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia** e a USC para a realización dos prácticum dos alumnos da Facultade de Ciencias da Educación.

CC. Comunicación

16. Convenio de colaboración entre a **Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia** e a USC para a concesión de 8 bolsas de estudo para a realización de prácticas dos alumnos da Facultade de Ciencias da Comunicación en Gabinetes de Prensa institucionais.

17. Convenio de colaboración entre a USC e o **Consortio Audiovisual de Galicia**, para prácticas de alumnos da Facultade de Ciencias da Comunicación que se recoñezan como créditos nos seus curricula.

18. Convenio de colaboración entre a USC e o **Seminario Galego de Educación para a Paz**, para prácticas de alumnos da Facultade de Ciencias da Comunicación que se recoñezan como créditos nos seus curricula.

Psicoloxía

19. Convenio de colaboración entre a **Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia** e a USC para a realización dos prácticum dos alumnos da Facultade de Psicoloxía.
20. Convenio entre a USC e **Autos Lobelle de Santiago, F.S.**, para a realización do practicum dos alumnos da Facultade de Psicoloxía.
21. Convenio entre a USC e a **Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)**, para a realización do practicum dos alumnos da Facultade de Psicoloxía.

Máster en Enxeñería Ambiental, Enxeñería Química e Enxeñería Técnica Informática.

22. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **Serviguide, SL.**, para a realización de prácticas que se recoñezan como créditos nos curricula dos alumnos de Máster en Enxeñería Ambiental, Enxeñería Química e Enxeñería Técnica Informática.

Consello Social

23. Convenio de colaboración entre a USC e a **Clínica Veterinaria Sant Juan Cooperativa Valenciana**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus curricula, a través do Consello Social.
24. Convenio de colaboración entre a USC e a **Parafarmacia Manuel José Álvarez Pereda**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus curricula, a través do Consello Social.
25. Convenio de colaboración entre a USC e a **Asociación Viguesa de Alcohología-Asvidal**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus curricula, a través do Consello Social.
26. Convenio de colaboración entre a USC e a **Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus curricula, a través do Consello Social.
27. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **Asesores Consultores de La Mancha, SL.**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus curricula, a través do Consello Social.
28. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **Europapress, SA.**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus curricula, a través do Consello Social.
29. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **Rodent Clínicas Dentales, CB.**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus curricula, a través do Consello Social.

30. Convenio de colaboración entre a USC e a **Asociación de Diagnosticadas de Cancro de Mama**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
31. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **Salus Asistencia Sanitaria, SA.** para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
32. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **IT Deusto, SL.**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
33. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **Banco Banif, SL.**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
34. Convenio de colaboración entre a USC e o **Conselh Generau D'Arán**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
35. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **GEFCO España, SA.**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
36. Convenio de colaboración entre a USC e a **Ludoteca El Bosque Animado**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
37. Convenio de colaboración entre a USC e a empresa **Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.
38. Convenio de colaboración entre a USC e o **Patronato Municipal Centro de Escultura de Candás-Museo Antón**, para prácticas de alumnos que se recoñezan como créditos nos seus currícula, a través do Consello Social.

b) Convenios presentados polo Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua

1. E601 Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do "VII Curso de Especialización en Patentes, Marcas, Dereito de Autor e Competencia" (Curso 2006-2007).
2. M622 Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a celebración do "XI Máster en Banca, Finanzas e Seguros".
3. E606 Convenio de cooperación entre a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun "Curso de Especialización en Dereito Tributario".
4. E637 Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do "IX Curso de Especialización en Economía Pesqueira".
5. F618 Convenio específico, no marco do acordo xeral de colaboración, entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Compañía de Radio Televisión de Galicia e as súas

sociedades, para a realización do curso de formación continua “Lingua Oral para os Medios de Comunicación”.

6. Convenio de Colaboración suscrito entre la Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) y la Universidad de Santiago de Compostela para la realización, como título propio e interuniversitario, del “Máster en Educación y Formación de Personas Adultas”.
7. M629 Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Universidade de Santiago de Compostela.
8. E677 Convenio de Colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Instituto de Formación y Estudios Sociais (IFES) para a realización do “Curso de Especialización en Dirección de E-mpresas E-Volucionadas”
9. M618 Convenio de Colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a empresa Merck Sharp & Dohme de España, S.A. para a colaboración en actividades formativas e de investigación no seo do “Máster en Economía e Xestión da Saúde.
10. M610 Convenio de Colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de determinados módulos do Máster en Administración Local

CONVENIOS DE PRÁCTICAS DE CURSOS DE POSGRAO SEGUNDO MODELO TIPO:

1. Convenio de colaboración entre Demométrica e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no curso de posgrao
 - M539 “Máster en Márketing Político: Estratexias e Comunicación Política”.
2. Convenio de colaboración entre Xavier Roig i Associats e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no curso de posgrao
 - M539 “Máster en Márketing Político: Estratexias e Comunicación Política”.
3. Convenio de colaboración entre La Associação de Cooperaçao Com a Guiné-Bissau y La Universidad de Santiago de Compostela para la realización de prácticas de alumnos que participan en el curso de postgrado
 - M524 “Máster en Gestión de la Cooperación Internacional y de las ONG’s”.
4. Convenio de colaboración entre a empresa Tórculo Edicións e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no
 - M516 “Máster en Edición”.

5. Convenio de colaboración entre a empresa Rodeira-Grupo Edebé e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no
 - M516 "Máster en Edición".

6. Convenio de colaboración entre a empresa Unidixital e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no
 - M516 "Máster en Edición".

7. Convenio de colaboración entre a empresa Viajes Marsans e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no
 - M507 "Máster en Linguas Estranxeiras Aplicadas á Empresa"

8. Convenio de colaboración entre a empresa Comercial Xoivan, S.L. e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no
 - M507 "Máster e Linguas Estranxeiras Aplicadas á empresa"

9. Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participan no
 - "M-511 "Máster en Asesoramento, Orientación, Mediación e Intervención Familiar"

13. ASUNTOS ECONÓMICOS. DOAZÓNS.

Informa a secretaria xeral dos seguintes expedientes de doazóns de bens:

EXPEDIENTE DE ACEPTACION DE BENS

De conformidade co disposto no artigo 166.1 do Título VII dos vixentes estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 28/2004 de 22 de xaneiro (DOG de 9/II/2004), sométese ó Consello de Goberno da mesma, para a posterior aprobación por parte do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, o seguinte expediente de aceptación de doazón

<u>Proponente doazón</u>	<u>Entidade receptora</u>	<u>Obxecto da doazón</u>
D. Carlos Valcarcel Gay	Universidade de Santiago de Compostela	Fotografía analóxica O Cebreiro

Acompáñase a proposta de doazón , na que se estipulan as condicións da mesma, asinada polo proponente e mais polo Reitor desta Universidade.

EXPEDIENTE DE ACEPTACION DE BENS

De conformidade có disposto no artigo 166.1 do Título VII dos vixentes estatutos desta

Universidade, aprobados polo Decreto 28/2004 de 22 de xaneiro (DOG de 9/II/2004), sométese ó Consello de Goberno da mesma, para a posterior aprobación por parte do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, o seguinte expediente de aceptación de doazón

<u>Propoñente doazón</u>	<u>Entidade receptora</u>	<u>Obxecto da doazón</u>
D. José M ^a Lugilde Pena	Universidade de Santiago de Compostela	Escultura 30x30x25 cm "Tribiciefaliano"

Acompáñase a proposta de doazón , na que se estipulan as condicións da mesma, asinada polo proponente e mais polo Reitor desta Universidade.

Sometidas as propostas de doazóns a aprobación do Consello de Goberno aprobáronse por asentimento.

14. ASUNTOS DE TRÁMITE.

Non hai.

A secretaria explica que a documentación achegada para este punto era en realidade para o punto 11.

15. ROGOS E PREGUNTAS.

D. E. C. V. solicita que se abra o debate para que o aumento salarial se reflexe no soldo base que neste momento non é un salario digno para un profesor universitario. Asemade pregunta cal vai ser a política para estabilización dos Parga Pondal. Por último, en relación a prazas da Escola Politécnica, pregunta pola amortización de prazas e indica que na área de produción vexetal hai unha soa área pero en realidade funcionan como subáreas xa que o reparto docente é moi específico, pérdese profesorado e deberían terse en conta que están con módulos ECTS, en áreas moi compartimentadas.

O Sr. reitor resposta que non hai ningún acordo de estabilización nos Parga Pondal. "Sí no caso dos Ramón y Cajal. En relación ó tema de amortización da prazas temos que ter en conta que aínda que a situación económica está reconducida non está en absoluto resolta; os criterios fixados non se poden aplicar discrecionalmente e é con eses criterios cos que podemos dicir que áreas teñen prioridades máis altas. De feito son as áreas as que nos impiden unha mellor reorganización da labor docente de aí que non podamos atomizar máis as áreas.

Intervén o D.J.L. G. pide que se arbitren medidas para que se leve a cabo a transitoria primeira dos estatutos.

O Sr. reitor indica que este proceso xa se iniciou

Dona A. M. B. M. suxire ó vicerreitor de oferta docente e espazo europeo que arbitren medidas oportunas para que se solucionen os problemas dos licenciados en veterinaria polo plan novo, xa que os criterios da Xunta de Galicia para as bolsas predoutorais para estudos de terceiro ciclo, supón que quedan fóra de toda posibilidade de obter unha bolsa os alumnos do plan novo de veterinaria ó ter unha nota media moi alta de 1,96. Esta media tan alta impide que podan acceder as bolsas, xa que a nota do expediente de cada alumno se divide por esta media. De modo que os mellores alumnos da mellor promoción non poderán acceder a esta bolsa. Pide que en próximas convocatorias se teña en consideración que ocorre cos plans novos cos mellores alumnos.

Pregúntase se isto vai ocorrer tamén coas bolsas da universidade.

Tamén solicita que no reparto de bolsas predoutorais se faga un montante mínimo para grandes áreas.

Responde o vicerreitor de oferta e xestión académica para indicar que a secretaria xeral está investigando se houbo algún problema cos datos. En relación á segunda cuestión o vicerreitor considera máis axeitado o sistema actual xa que hai que axustar en función da demanda.

Dona A. M. B. M. indica que non pide unicamente que se reparta un mínimo por grandes áreas senón que se traballe con algún outro criterio e non unicamente o número de solicitudes.

Dona I. F. S. pide en representación dos CAF que se cumpran os mínimos de normalización lingüística e que se modifique o plan de normalización lingüística para que se normalice o uso da lingua na universidade.

O Sr. reitor resposta que se avanzará neste tema.

Dona I. F. S. resposta que está ben o de tomar nota pero non se ve o traballo realizado e lria solicita que se poña en funcionamento a comisión de normalización lingüística.

Intervén o profesor Casares para indicar que unha persoa do equipo reitoral é accionista dunha empresa que está onde antes había un laboratorio que foi modificado, e gustaríalle saber se a cargo da universidade ou da empresa. Pregunta se o traballo que se fai é da empresa ou da universidade. O Sr. reitor indica que se trata dunha iniciativa coa que a USC puxo en valor unha serie de patentes propias e se trata de acordos adoptados polos órganos apropiados.

O profesor Casares solicita a seguinte información:

- Informes de Constitución, auditoría e actas das sociedades nas que participa a USC.
- Emolumentos percibidos polos administradores, así como o desglose dos gastos de representación ou protocolarios.
- Expedientes do cadro de persoal que presta servizo nas sociedades.
- Desglose de contratos e subcontratos realizados no seno de ditas sociedades.
- Clarificación do proceso de selección das contratacións do cadro de persoal.
- Desglose dos custes e da marxe comercial que dende as sociedades se factura á Universidade e viceversa.

- Clarificación do proceso de selección das empresas coas que participan as sociedades Unixest e Unirisco, vinculacións existentes co persoal da USC, ou con empresas relacionadas coa mesma.
- Evolución das operacións financeiras diferenciadas que ó longo de cinco anos realizou a USC con calquera dos seus socios participantes nestas sociedades

O vicerreitor de Economía informa que recompilaremos a información que solicita. Todos os informes dos que se poida dar información segundo a legalidade estarán a disposición de vostede así como da comunidade universitaria.

O profesor Casares comenta que o artigo 5 do acordo da Cátedra Unesco di que firmará un contrato de duración máxima de dous anos. Pregunta si este contrato será privado ou se debaterá en Consello de Goberno

O reitor indica que non hai contrato, hai unha designación do Director sen remuneración de ningún tipo.

D.A.P.V. pregunta por que a atención de usuarios de xescampus se puxo en mans dunha empresa privada que pon tres telefonistas, con un custe de 180.000 euros cando antes con mais persoal custáballe á universidade 150.000 euros.

O Sr.reitor intervén para explicar que se externaliza o servizo xa que parece a solución máis acaída e que non se trata de telefonistas e que son cinco efectivos.

D. A.P.V. pregúntase porque non fai este traballo o persoal da propia área TIC o que non suporía ter que aumentar a plantilla e puntualiza que 150 000 euros son case seis analistas.

O vicerreitor de economía intervén para indicar que isto non se decide de forma aleatoria e que traerá aquí as prescricións técnicas.

Intervén D. A.P.V. para expoñer as súas consideracións sobre o que debe ser unha universidade pública. D. A.P.V. considera que debaixo das palabras de poñer en valor, beneficiar a sociedade a través do desenvolvemento de patentes, etc., etc. hai unha mensaxe ideolóxica e cuestiona a utilidade das patentes, xa que supoñen por os recursos e os coñecementos en mans duns poucos, considera que somos quen de pensar que é posible outro tipo de sociedade, unha sociedade mellor e máis xusta.

O Sr. reitor explica que cando fala da universidade emprendedora non é unha universidade que crea empresas para obter beneficios, para enriquecerse, senón que é tamén unha universidade emprendedora no social, no ambiental, no desenvolvemento económico da comunidade autónoma, etc. Unha universidade con voluntariado e con oficina de igualdade de xénero.

D.E.G.S. pregunta polas eleccións de decanos e directores de centros no consello de goberno.

A secretaria xeral indica que se realizaran en Xaneiro.

Dona E.V.C. intervén para comentar os problemas que xurden pola recepción masiva de correo non desexado e a lentitude nalgúns momentos do servizo de correo electrónico.

O Sr. reitor comenta as últimas medidas que se están a tomar na área TIC e da que xa se deu conta no informe do reitor do último Consello de Goberno.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás trece horas e trinta minutos, a Presidencia deu por rematada a sesión.